


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

13-14 de febreiro do 2021

VI DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO EN FAMILIA

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Amigos nas penas*

Celebrante

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir a nosa fe en familia. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

A sona de Xesús estendíase por todas partes e xa non podía entrar en vilas e aldeas, por iso tamén os que estaban excluídos da sociedade podían achegarse xunto a El.

E facíano porque Xesús non os trataba como os demais: El escoitáboas, acollíaos, miráboas con tenrura e respecto, e non os marxinaaba.

Nos nosos tempos hai moita xente marxinaada, non só os enfermos, senón tamén os que pasan tanta necesidade como a fame, o estar lonxe da súa familia e da súa terra, os que carecen de fogar, os que están no paro, os maiores...

Hoxe tócanos a nós ser a imaxe de Xesús nos nosos tempos. A quen coñecemos que precise non ser marxinado?, a quen coñecemos e que merece ser tratado con máis respecto?

ACTO PENITENCIAL

Celebrante *A presenza de Xesús no medio de nós faise realidade cando somos capaces de estar á beira de quen precisa unha man. Pero, moitas veces, preferimos mirar para outro lado e non complicarnos. Por iso agora necesitamos renovar diante de Deus os nosos compromisos ao tempo que pedimos perdón:*

Monitor/a

➤ Comprometémonos a vivir sen marxinar?

SI COMPROMETÉMONOS

➤ Comprometémonos a abrir os ollos á realidade de tantos homes e mulleres que teñen que vivir fóra, sen futuro e sen dignidade?

SI COMPROMETÉMONOS

➤ Comprometémonos a poñer da nosa parte todo o que estea nas nosas mans achegándonos, compartindo e axudando a erguer a quen se sente afundido?

SI COMPROMETÉMONOS

Celebrante *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, e dos que se senten marxidados por calquera causa, a todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante *Rematamos a primeira parte da celebración comprometéndonos a ser a voz dos enfermos, dos maiores, dos que se senten sos e marxidados.*

(silenzo)

Celebrante

Deus, Noso Pai, ti prometiches estar sempre naqueles que te aman con corazón recto e sincero.

Fai que a túa graza nos axude a vivir de xeito que merezamos ser a túa morada. Acóllenos e concédenos vivir dando sempre unha man aos demais. Así o fixo Xesús, e por El, pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Monitor/a:

Na primeira lectura San Paulo pónsenos coma exemplo na imitación de Xesús, porque todo o que fai faino para a gloria de Deus.

Xesús non marxinaba a ninguén, senón que daba solución aos problemas que lle presentaban de calquera tipo, e hoxe vémolos acollendo a un leproso, os que eran máis separados da sociedade, e faino con respecto e dignidade. Así de ben tamén o podemos facer nós.

LECTURA DA PRIMEIRA CARTA DE SAN PAULO AOS CORINTIOS

Irmáns e irmás:

Tanto que comades, como que bebedes, coma calquera cousa que fagades, facédeo todo para gloria de Deus. Non sexades tropezo nin para os xudeus, nin para os gregos, nin para a Igrexa de Deus.

Así tamén eu procuro agradar a todos en todo, non buscando a miña comenencia, senón a da maioría, para que se salven.

Procurade imitarme a min, como eu imito a Cristo.

Palabra do Señor

♪ 50 ♪ *Na tardiña baixa da vida* SALMO

(en pé) Leccionario II B páx 185 Mc 1,40-45 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela, Acercóuselle un gafo a Xesús, e rogoulle de xeonllos:

-Ti, se queres, pódeme limpar.

Xesús, estremecido, alongou a man, e tocouno, dicindo:

-Pois quero, queda limpo.

E no instante desapareulle a lepra, quedando limpo. E despediuno, e, poñéndose moi serio, mandoulle:

-Mira, non lle vaías dicir nada a ninguén; preséntate ao sacerdote, e fai pola túa purificación as ofrendas mandadas por Moisés, para que lles conste.

Pero, mal se foi, aquel home botouse a pregoar a nova, espallándoa de tal xeito que Xesús xa non podía entrar en vila ningunha, senón que quedaba fóra, nos arredores apartados. Pero aínda así acudían a el de todas as partes.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón





O evanxeo descúbrenos a un Xesús que se achega, que se preocupa, que se doe, que dá unha man para erguer. E non lle importa se iso supón ser tamén el rexeitado.

Vivimos nun mundo que necesita miradas de aprecio para dar esperanza a tantas vidas marxinas.

Vivimos nun mundo que deixa moitos barrios con mala vida, moitos suburbios nos que é moi difícil ter oportunidades, e todas as persoas temos dereito a ser tratadas con dignidade.

Vivimos nunha igrexa que en demasiadas ocasións se preocupa das formas e do que dirán e non está disposta a renunciar a certos privilexios. Fai o ben, non mires a quen, e non te preocupes se por iso os demais te miran mal.

(en pé) **PROFESIÓN DA FE**
Celebrante: *Despois de escoitar a túa Palabra, queremos ser coherentes na fe e na vida, e imitando a Xesús achegámonos a que é marxinado para ofrecerlle o mellor de nós mesmos. Por iso proclamamos a fe que compartimos:*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a

***Credes en Deus Pai e Nai,
creador do ceo e máis da terra,
que pon nas nosas mans o facer do mundo casa común,
e fogar acolledor para todas as xentes?***

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

***Credes en Xesús, o noso irmán,
que viviu nesta terra
estando á beira das persoas enfermas,
que se achegou aos enfermos dándolles unha man e
ofrecendo sempre o mellor de si mesmo?***

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

***Credes no Espírito Santo,
que nos alenta para dar resposta ao Señor
co noso bo facer de cada día,
facéndonos cribles como igrexa
que pregoa o evanxeo da vida?***

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Oremos a Xesús, e con el acheguémonos aos demais coa mesma forza coa que el se achegaba a maiores, a enfermos, a quen se sentía só. Oremos dicindo: SEÑOR, PÓMONOS NAS TÚAS MANS*

Monitor/a

✓ Recemos con todos os enfermos infecciosos que sofren máis marxinação, como poden ser os da SIDA, os da ébola ou os leprosos. Dicimos con fe

✓ Recemos por toda a xente que nas casas, nas residencias de maiores e nos hospitais atenden aos enfermos e a quen xa conta pouco. Dicimos con fe

✓ Lembrando ao enfermo do evanxeo de hoxe, recemos con todas as persoas que viven e sofren sen futuro, recemos cos enfermos terminais e coas persoas que están sufrindo á súa beira. Dicimos con fe

✓ Pensando no presente e no futuro da nosa comunidade de Os Cotos, rezamos cos nenos e os mestres da escola para que con todos deamos aprecio ao rural no que vivimos. Dicimos con fe

Celebrante: *Escoita, Señor, as nosas pregarías, e énchenos do alento que te levaba a achegarse aos demais. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS EN FAMILIA

NOSO PAI

Celebrante: *Sentíndonos irmáns de todos, tamén dos que hoxe son marxinaados na nosa sociedade, rezamos como familia a Deus, que é Pai de todos coma nos ensinou Xesús. Rezamos: NOSO PAI ...*

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Xesús acollía e transmitía paz e esperanza a todos, aínda que o rexeitaran por ser así. Coma El sexamos tamén nós transmisores de esperanza e paz nestes momentos de pandemia e dificultade, sendo coidadosos con nós, con todos e con todo.*

NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUÑÓN

Celebrante: *O evanxeo empúxanos a un estilo de vida que nos leva dende o fogar a ser igrexa para todas as persoas.*

Xesús acóllenos sen distincións para que aprendamos que todos somos necesitados de ser tratados con respecto e dignidade aínda que non pensemos nin vivamos do mesmo xeito.

Ditosos nós que hoxe somos acollidos e convidados a facer crible este EVANXEIO do Señor.

🎵 **No colo da miña nai ou Non vou só**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, seguros da túa bondade ti fixeches que compartísemos en familia esta celebración de vida e de fe, fai que busquemos sempre aquelas realidades que dan un verdadeiro sentido ao noso vivir. Pedímoscho polo mesmo Xesucristo, noso irmán, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

Xesús mostraba a todos ao Deus da VIDA, o Deus que conta con nós, coas nosas palabras e os nosos feitos.

A xente máis necesitada e marxinada acudía a El para atopar consolo e esperanza.

Hoxe somos nós os que temos que levar consolo e esperanza a todos os que se senten marxinados por calquera causa, xa que fomos convidados e participamos na mesa do Señor.

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.



“Pois quero, queda limpo”

Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe



Fai o ben e non mires a quen